

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de novembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1374).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1375).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA. EXPTE. 13528/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD e xefe da Unidade técnica, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación por lotes das obras nos campos de fútbol de Samil, Travesas e a ETEA (Expte 13166/333)

Tamén, a Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos, acordou a proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación por lotes das obras nos campos de fútbol de Samil, Travesas e a ETEA (Expte 13166/333).

2.- Fundamentos xurídicos:

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 13166/333, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ao proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o citado expediente defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que “as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades”.

Na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde poden ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería esta a que nomease ao referido facultativo).

O artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

3.- Proposta:

En relación o citado expediente para a contratación por lotes das obras nos campos de fútbol de Samil, Travesas e a ETEA (Expte 13166/333), dende a concellería de Deportes procedeuse polo procedemento de contrato menor, á contratación dos servizos para a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras nos campos de fútbol de Samil, Travesas e a ETEA, sendo adxudicados os servizos o Estudio de Arquitectura NAOS 04 ARQUITECTOS, SLP, que procedeu a nomear os seguintes técnicos para o desenvolvemento destas funcións:

1. Como Director Facultativo das obras a: D. Miguel Porras Gestido, D.N.I. 36.106.078-B, Arquitecto Colexiado Nº 2543 de Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
2. Como Coordinador de Seguridade e Saúde a: D. Enrique Alonso Baspino, D.N.I. 35.973.146-L Aparellador Colexiado Nº UR 148 del Colexio de Aparelladores de Pontevedra.

En conclusión, cos antecedentes indicados e tendo en conta que o obxecto das obras descritas nos proxectos de obra consiste na mellora dos terreos de xogo destas instalacións de herba artificial, así como renovacións dos sistemas de rego e outras actuacións de escasa entidade sobre estes campos, considérase adecuado o nomeamento dos técnicos mencionados en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da Dirección facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle o órgano de contratación, de acordo o estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

Polo exposto PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como Director Facultativo das obras dos campos de fútbol de Samil, Travesas e a ETEA (expte: 13166/333) a o Técnico do Estudio de Arquitectura NAOS 04 ARQUITECTOS, SLP; D. Miguel Porras Gestido, D.N.I. 36.106.078-B, coa titulación de Arquitecto Colexiado Nº 2543 de Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde das obras dos campos de fútbol de Samil, Travesas e a ETEA (expte: 13166/333) a o Técnico do Estudio de Arquitectura NAOS 04 ARQUITECTOS, SLP; D. Enrique Alonso Baspino, D.N.I. 35.973.146-L coa titulación de Aparellador Colexiado Nº UR 148 del Colexio de Aparelladores de Pontevedra.

Terceiro: Do presente acordo darase traslado as empresas adjudicatarias de cada un dos tres lotes vinculados co expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación por lotes das obras nos campos de fútbol de Samil, Travesas e a ETEA (Expte 13166/333).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1376).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, PLAN DE CONTROL DE CALIDADE E PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS DE MELLORA E REPOSICIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO CASCO VELLO, ÁMBITO PRAZA DA PRINCESA E PRAZA DE ARGÜELLES E ESPAZOS SOTERRADOS ENTRE RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E PRAZA ARGÜELLES. EXPTE. 7493/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 24.11.14, conformado pola xefa de Área da Primeira tenencia de Alcaldía e pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandez Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 13 de novembro de 2014, acordou "adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito

da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles. (expediente 7279-307) por un prezo total de 262.435,21 euros (IVE incluído)".

Con data 21/11/2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o nomeamento da dirección facultativa destas obras, así como o nomeamento de Ángel Santorio Cuartero, como coordinador de seguridade e saúde e, con esa mesma data, a empresa adxudicataria presenta o plan de seguridade e saúde, o plan de control de calidade e o plan de xestión de residuos da obra (doc. 140142337).

Así, o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, determina que cada contratista debe elaborar un plan de seguridade e saúde, e que nas obras das Administracións Públicas éste debe elevarse para a súa aprobación á Administración que adxudicou a obra, polo que se solicita desa Xunta de Goberno Local o seguinte:

– Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Control de Calidade e o Plan de Xestión de Residuos das obras de mellora e reposición de espazos públicos no Casco Vello, no ámbito da praza da Princesa e Praza de Argüelles engadindo os espazos soterrados entre a rúa Abeleira Menéndez e Praza de Argüelles, presentado pola empresa UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. e informado favorablemente por Ángel Santorio Cuartero.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1377).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR MODIFICACIÓNS DAS GUÍAS DE FUNCIÓNS DE DIVERSOS POSTOS DE TRABALLO. EXPTE. 24671/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.11.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 21.11.14, conformado pola xefa do Servizo e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

En data 17/11/2014 o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal ordea que por parte do Servizo de Recursos Humanos, realícense os trámites administrativos necesarios para propoñer a Xunta de Goberno Local, a aprobación dun complemento de produtividade aos empregados municipais, polo traballo desenvolvido aos empregados municipais adscritos a postos cuxas prazas foron obxecto de reclasificación en canto grupo de titulación (capataces, inspectores, encargados, vixiantes de instalacións, etc).

Recíbese no Servizo de Recursos Humanos Expte 24516-220 (Doc 130113316) e 24517-220 (130113315) nos que se solicita por parte de D Luciano Lago Giráldez (NP 16432) e D Manuel Alvarez Alonso (NP 21670), con posto de inspectores de consumo adscritos ao Servizo da OMIC, o "aboamento con carácter retroactivo, pola diferenza de función, dende o primeiro de xaneiro ata o 31 de agosto de 2013, paga extraordinaria incluída, as cantidades no devengadas por este Concello de conformidade co acordo da Xunta de Goberno, por vir realizando as mesmas funcións", peticións xa informadas en data 11 de outubro de 2013

Posteriormente recíbese escrito asinado polo Presidente do Comité de persoal de data 3 de outubro de 2013 (Doc 130116671) no que se solicita o aboamento dun complemento de

produtividade, polo traballo desenvolvido ao longo do ano 2013 aos empregados municipais adscritos a postos cuxas prazas foron obxecto de reclasificación en canto grupo de titulación (capataces, inspectores, encargados, etc),

Así mesmo, en data 5 de setembro de 2012, D Joaquín Alonso Méndez , solicita o aboamento dun complemento de produtividade polo desempeño do posto de Inspector de mobilidade e seguridade, ao ser este un dos reclasificados no grupo C1 de titulación.

En data 20 de setembro de 2010, a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación do EXPTE. 20049/220, no que se propuña a adecuación retributiva de diversos postos, tendo en conta o recollido na lei 7/2007, de 12 de Abril do Estatuto do empregado público en canto a carreira profesional dos empregados públicos e os Acordos da Mesa Xeral de Negociación nas súas sesións de data 30 de decembro de 2009 e, 4, e 18 de xaneiro de 2010, acordase a modificación do subgrupo de titulación dos seguintes postos así como a modificación da súa denominación, entre os que se atopan:

- 3. Postos de inspectores municipais, ao considerarse que o desempeño das funcións encomendadas esixe un nivel de formación académica correspondente aos grupos C1 de titulación.*
- 4. Posto capataz, tendo en conta as funcións actuais que desempeñan o persoal adscrito a ditos postos, acordouse a modificación do subgrupo de titulación dos 7 postos de capataz existentes na relación de postos de traballo do Concello de Vigo, pasando a encadrárselles no subgrupo C1 de titulación.*
- 5. Como resultado da instrución e a enmenda do Concelleiro de Xestión Municipal de data 5 de febreiro de 2010 aos orzamentos municipais acordouse transforma-la denominación de 25 postos de Vixiante de Instalacións Municipais, cód. 218 e 3 postos de operario-peón, cód. 158, adscritos ao Servizo de Educación, cód. 332, en 28 postos de oficial de Instalacións Municipais, cód. 300, modificando o seu grupo de titulación ao C2 así como os niveis dos seus complementos de destino, que pasan do CD-14 e CD-13, respectivamente, ao nivel de complemento de destino 16.*
- 6. Así mesmo, na aprobación definitiva polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 23 de decembro de 2010, do orzamento do concello de vigo para o ano 2011 , inclúese a amortización dunha praza de oficial de oficios existente no servizo de atención cidad creándose unha de inspector de obras, servizos e infraestruturas subgrupo C1 de titulación así como a amortización dunha praza de operador mantemento informática incluída no subgrupo C2 de titulación, creándose unha de operador técnico mantemento informática subgrupo C1 e a transformación dunha praza de operador de informática en Inspector de Mobilidade e Seguridade.*

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de marzo de 2011, acordou o aboamento en concepto de produtividade a capataces, vixiantes de instalacións municipais e inspectores municipais (Expte 21841/220.), correspondente ao ano 2010.

Nas sesións de datas 24 de febreiro (Expte 22821-220) e 17 de agosto de 2012 (Expte. 23105/220), a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade ao persoal relacionado, polo desempeño efectivo de posto de superior categoría.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 8 de agosto de 2013 acordou a contratación en réxime laboral fixo ou no seu caso o seu nomeamento como funcionario de carreira, con cargo as prazas vacantes do cadro de persoal de inspector obras, servizos e infraestruturas, inspector de consumo, encargado de obras medioambientais, técnico mantemento informático, inspector de sanidade, inspector control concesionarias, capataz xardíns, capataz vías e obras, capataz de instalacións culturais, capataz de desinfección e oficial de instalacións municipais,

incluídas na quenda de promoción interna da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, segundo as propostas dos órganos de selección, contratacións ou nomeamentos realizados con data 1 de setembro de 2013.

Tendo en conta os atrasos nas convocatorias nas correspondentes Ofertas de Emprego e consecuentemente a promoción interna para a cobertura definitiva das prazas mencionadas, e sempre que por parte dos responsables dos servizos aos que se atopan adscritos se informe da efectiva realización por parte do referido persoal das funcións polas que se acordou a modificación do grupo de titulación das mesmas, parece oportuno reconecer o especial rendemento, actividade extraordinaria e interese e iniciativa co que os funcionarios están a desempeñar o seu traballo.

A máis dos 28 postos de oficiais de instalacións municipais transformados nos orzamentos do ano 2010 anteriormente citados, atopáanse no servizo de educación 9 postos de vixiante de instalacións municipais e 1 de vixiante en xeral, sendo necesario que por parte do servizo de educación acrediten a realización de funcións de categoría superior, de se lo caso.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Unha das innovacións introducidas no marco normativo do EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c). Introdúcense así –non por vez primeira na nosa lexislación, pero sí de modo moi claro- os sistemas de avaliación do rendemento e da calidade do traballo dos empregados públicos, co lóxico obxectivo de acadar Administracións Públicas modernas, eficaces, que servan con axilidade aos intereses xerais dende o marco legal preconfigurado, e que sexan incluso susceptibles de seren sometidas a avaliacións mediante estándares de calidade, aos efectos de medir tanto a eficiencia económica por sectores en relación co gasto público efectuado, como o grao de satisfacción dos administrados coa prestación do servizo.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal –e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudir ao preceptuado na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará –entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de

participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de productividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de productividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira que:

“Con cargo ao Complemento de Productividade retribuirase única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que desempeña as súas funcións.

Correspóndelle o Pleno da Corporación trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de productividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.

A Xunta de Goberno establecerá no exercicio das suas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os

parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

- 7. Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*
- 8. Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal e formalmente encomendadas polo organo competente.*
- 9. Rendemento extraordinario e correcto desempeño do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*
- 10. Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente,*

/...../

O aboamento das productividades efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Non embargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio 2014.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Solicitado informe as distintas xefaturas nas que prestan os seus servizos os empregados municipais que se referencian no presente informe, estas informan do desempeño das funcións recollidas para estes postos nas correspondentes guías de funcións aprobadas ao efecto.

Refírese como criterio para o cálculo do complemento de produtividade a diferenza ao longo do ano 2013 entre as retribucións básicas e complementarias correspondentes aos postos modificados::

posto	GR	CD	CE	posto	GR	CD	CE
CAPATAZ DESINFECCION	C2	18	142	CAPATAZ DESINFECCION	C1	18	142
CAPATAZ ELECTROMECHANICOS	C2	18	142	CAPATAZ ELECTROMECHANICOS	C1	18	142
CAPATAZ MANTENEMENTO CULTURA	C2	18	142	CAPATAZ MANTENEMENTO CULTURA	C1	18	142
CAPATAZ MONTES PARQUES E XARDINS	C2	18	142	CAPATAZ MONTES PARQUES E XARDINS	C1	18	142
CAPATAZ VIAS E OBRAS	C2	18	142	CAPATAZ VIAS E OBRAS	C1	18	142
ENCARGADO OBRAS MEDIOAMBIENTAIS	C2	18	142	ENCARGADO OBRAS MEDIOAMBIENTAIS	C1	18	142
INSPECTOR AUXILIAR CONTROL CONCESIONARIO	C2	18	149	INSPECTOR CONTROL CONCESIONARIO	C1	18	149
INSPECTOR AUXILIAR INFRAESTRUCTURAS	C2	18	149	INSPECTOR INFRAESTRUCTURAS	C1	18	149
INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	C2	18	149	INSPECTOR OBRAS	C1	18	149
INSPECTOR AUXILIAR SANIDADE	C2	18	149	INSPECTOR SANIDADE	C1	18	149
INSPECTOR CONSUMO	C2	18	149	INSPECTOR CONSUMO	C1	18	149
TCO MANTMENTO INFORMATICA	C2	18	149	TCO MANTMENTO INFORMATICA	C1	18	149
VIXIANTE DE INSTALACIONES MUNICIPAIS	E	14	562	OFICIAL DE INSTALACIONES MUNICIPAIS	C2	16	162

Importe Anual Diferencia posto con modificación Grupo de Titulación C2-C1: 1.506,26 €

Importe Anual diferencia Postos Vixiantes de Instalacions modificados en Oficial de Instalacions Municipais: 961.40

Dacordo aos importes anteriores, os días efectivamente traballados unha vez descontados os períodos de vacacións, baixas por IT, que figuran nos programas de xestión de persoal, etc, corresponderíalle ao seguinte persoal, e no caso de estimarse a pertinencia aboamento dos complementos de produtividade propostos, os importes seguintes polos períodos que se indican:

POSTO	N.P.	NOME	PERIODO	Total Vac	Total A.P.	Total I.T.	IMPORTE
116	13669	MARTINEZ GONZALEZ, JOSE MANUEL	1/1/2013-31/8/2013	20	0	0	920,49 €
116	13681	RODRIGUEZ PRIETO, FEDERICO	1/1/2013-31/8/2013	0	1	158	338,91 €
117	14516	POSADA OITABEN, ANGEL	1/1/2013-31/8/2013	0	1	0	999,99 €
118	16350	SEIJAS ALVAREZ, JOSE RAMON	1/1/2013-31/8/2013	0	2	0	995,81 €
120	13764	ALONSO RODRIGUEZ, ALFONSO	1/1/2013-31/8/2013	0	0	0	1.004,17 €
127	15680	VAZQUEZ PEDRIDO, GUMERSINDO	1/1/2013-31/8/2013	22	4	0	895,39 €
131	16432	LAGO GIRALDEZ, LUCIANO	1/1/2013-31/8/2013	22	3	0	899,57 €
131	21670	ALVAREZ ALONSO, MANUEL	1/1/2013-31/8/2013	22	0	0	912,12 €
142	76431	BARREIRA PAZOS, ANTONIO	1/1/2013-31/8/2013	22	0	0	912,12 €
143	11765	ARGIBAY BARCIELA, GONZALO	1/1/2013-31/8/2013	0	0	158	343,09 €
143	15467	COBAS REY, EUGENIO	1/1/2013-31/8/2013	22	1	0	907,94 €
143	78929	ROMERO GIL-DELGADO, M ^º LORETO	1/1/2013-31/8/2013	14	1	0	941,41 €
161	13273	VAZQUEZ RIAL, RAMON	1/1/2013-31/8/2013	8	1	0	966,52 €
170	16231	VILABOA PEREZ, JOSE FERNANDO	1/1/2013-31/8/2013	22	0	0	912,12 €
181	17704	ZARAGOZA BASTOS, JUAN	1/1/2013-31/8/2013	10	5	0	941,41 €
185	10694	SALGUEIRO PIÑEIRO, BENIGNO	1/1/2013-31/8/2013	0	2	0	995,81 €
185	11682	VILLAR ESTEVEZ, RAIMUNDO	1/1/2013-31/8/2013	0	0	0	1.004,17 €
185	11819	GOMEZ PASCUAL, JULIO	1/1/2013-31/8/2013	22	0	0	912,12 €
185	13617	BARCIELA SIMON, BENITO	1/1/2013-31/8/2013	14	0	0	945,60 €
185	17489	LOBATO CAMESELLE, RICARDO	1/1/2013-31/8/2013	8	4	2	945,60 €
185	17740	OUJO GERUT, JOSE VENTURAA.	1/1/2013-31/8/2013	17	0	0	933,04 €
218	15361	PEREIRA ALVAREZ JOSE	1/1/2013-31/8/2013	20	0	0	587,52 €
218	16159	VALLEJO RICON, MANUEL	1/1/2013-31/8/2013	22	2	0	576,84 €
218	17325	ALVAREZ MANEIRO, JOSE RAMON	1/1/2013-31/8/2013	22	0	0	582,18 €
218	17791	LAGO DAVILA, JESUS	1/1/2013-31/8/2013	18	3	18	536,78 €
218	22823	FERNANDEZ GIRALDEZ M JESUS	1/1/2013-31/8/2013	0	0	0	640,93 €

POSTO	N.P.	NOME	PERIODO	Total Vac	Total A.P.	Total I.T.	IMPORTE
218	77975	LOPEZ SANMARTIN, JOSE MANUEL	1/1/2013-31/8/2013	19	0	0	590,19 €
218	77988	PAJON SANTOS ALFONSO	1/1/2013-31/8/2013	22	3	0	574,17 €
218	78009	BAYER FRANCISCO, JOSE	1/1/2013-31/8/2013	22	0	0	582,18 €
218	78139	FERNANDEZ DIAZ, LISARDO	1/1/2013-31/8/2013	22	0	0	582,18 €
218	78145	CAMESELLE SUAREZ, ISAAC FRANCISCO	1/1/2013-31/8/2013	20	0	0	587,52 €
218	78154	SANCHEZ DOMINGUEZ SEVERINO	1/1/2013-31/8/2013	19	0	0	590,19 €
218	78740	FERNANDEZ COMESAÑA, JAIME	1/1/2013-31/8/2013	22	0	0	582,18 €
218	78889	FANDIÑO DOCIO ENRIQUE	1/1/2013-31/8/2013	22	0	0	582,18 €
218	79367	GARCIA SOTO, FRANCISCO JOSE	1/1/2013-31/8/2013	0	0	0	1.004,17 €
218	79368	GARCIA DOCAMPO ANTERO	1/1/2013-31/8/2013	17	0	0	595,53 €
218	79387	LORENZO CARRERA GUILLERMO	1/1/2013-31/8/2013	20	0	0	587,52 €
218	79621	FERNANDEZ PAZ LINO	1/1/2013-31/8/2013	20	4	0	576,84 €
218	79640	SOLER VIDAL RICARDO	1/1/2013-31/8/2013	17	0	0	595,53 €
218	80490	IGLESIAS TRABAZO, JOSE ANTONIO	1/1/2013-31/8/2013	22	0	0	582,18 €
218	80491	SANCHEZ BLAZQUEZ, XOSE ANTON	1/1/2013-31/8/2013	22	0	0	582,18 €
218	80496	CALCERRADA FORNIELES JAVIER	1/1/2013-31/8/2013	22	1	0	579,51 €
218	80497	FERNANDEZ PEREZ ROGELIO J DIMAS	1/1/2013-31/8/2013	22	0	0	582,18 €
253	16478	VAZQUEZ MARTINEZ, RAMON	1/1/2013-31/8/2013	18	1	0	924,68 €
255	15094	ESPAÑA PIÑEIRO, JOSE ANTONIO	1/1/2013-30/10/2014	33	9	141	1.273,86 €
255	15556	COMESAÑA SOLLA, ANTONIO	1/1/2013-30/10/2014	27	5	0	1.677,11 €
255	77219	MARTINEZ GIRALDEZ, GABRIEL	1/1/2013-30/10/2014	14	1	0	1.722,51 €
254	23219	ALONSO MENDEZ JOAQUIN	1/1/2012-30/10/2014	67	22	276	787,81 €
218	80687	OTERO FERNANDEZ SONSOLES	1/1/2013-30/10/2014	44	6	0	1.762,57 €
218	82044	GONZALEZ VILA JUAN CARLOS	1/1/2013-30/10/2014	40	0	0	1.762,57 €
218	82146	CAPELO GONZALEZ DAVID	1/1/2013-30/10/2014	36	6	13	1.762,57 €
218	82147	FERNANDEZ PIAY SANTIAGO	1/1/2013-30/10/2014	44	6	2	1.762,57 €
218	82148	SIGNO MARTINEZ PALMIRA MARIA	1/1/2013-30/10/2014	40	0	0	1.762,57 €
218	82149	GONZALEZ PEREIRA ADRIAN	1/1/2013-30/10/2014	37	9	2	1.762,57 €
218	82155	IGLESIAS PARENTE SONIA MARIA	1/1/2013-30/10/2014	44	8	0	1.762,57 €
218	82161	ALONSO IGLESIAS, JOSE ENRIQUE	1/1/2013-30/10/2014	44	4	0	1.762,57 €

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1500000-“Productividade”, PROPONSE:

PRIMEIRO.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade pola especial adicación, interese e iniciativa no desempeño de funcións de categoría superior ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 922.0150.00.00- “Productividade”, por importe de .52.715,09 €

SEGUNDO.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás xefaturas dos servizos/unidades solicitantes, Concellerías-delegadas das Áreas correspondentes, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e Comité de Persoal do Concello aos efectos oportunos”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo I

POSTO	N.P.	NOME	PERIODO	IMPORTE
116	13669	MARTINEZ GONZALEZ, JOSE MANUEL	1/1/2013-31/8/2013	920,49 €
116	13681	RODRIGUEZ PRIETO, FEDERICO	1/1/2013-31/8/2013	338,91 €
117	14516	POSADA OITABEN, ANGEL	1/1/2013-31/8/2013	999,99 €
118	16350	SEIJAS ALVAREZ, JOSE RAMON	1/1/2013-31/8/2013	995,81 €
120	13764	ALONSO RODRIGUEZ, ALFONSO	1/1/2013-31/8/2013	1.004,17 €
127	15680	VAZQUEZ PEDRIDO, GUMERSINDO	1/1/2013-31/8/2013	895,39 €
131	16432	LAGO GIRALDEZ, LUCIANO	1/1/2013-31/8/2013	899,57 €
131	21670	ALVAREZ ALONSO, MANUEL	1/1/2013-31/8/2013	912,12 €
142	76431	BARREIRA PAZOS, ANTONIO	1/1/2013-31/8/2013	912,12 €
143	11765	ARGIBAY BARCIELA, GONZALO	1/1/2013-31/8/2013	343,09 €
143	15467	COBAS REY, EUGENIO	1/1/2013-31/8/2013	907,94 €
143	78929	ROMERO GIL-DELGADO, M ^{LA} LORETO	1/1/2013-31/8/2013	941,41 €
161	13273	VAZQUEZ RIAL, RAMON	1/1/2013-31/8/2013	966,52 €
170	16231	VILABOA PEREZ, JOSE FERNANDO	1/1/2013-31/8/2013	912,12 €
181	17704	ZARAGOZA BASTOS, JUAN	1/1/2013-31/8/2013	941,41 €
185	10694	SALGUEIRO PIÑEIRO, BENIGNO	1/1/2013-31/8/2013	995,81 €
185	11682	VILLAR ESTEVEZ, RAIMUNDO	1/1/2013-31/8/2013	1.004,17 €
185	11819	GOMEZ PASCUAL, JULIO	1/1/2013-31/8/2013	912,12 €
185	13617	BARCIELA SIMON, BENITO	1/1/2013-31/8/2013	945,60 €
185	17489	LOBATO CAMESELLE, RICARDO	1/1/2013-31/8/2013	945,60 €
185	17740	OUJO GERUT, JOSE VENTURA A.	1/1/2013-31/8/2013	933,04 €
218	15361	PEREIRA ALVAREZ JOSE	1/1/2013-31/8/2013	587,52 €
218	16159	VALLEJO RICON, MANUEL	1/1/2013-31/8/2013	576,84 €
218	17325	ALVAREZ MANEIRO, JOSE RAMON	1/1/2013-31/8/2013	582,18 €
218	17791	LAGO DAVILA, JESUS	1/1/2013-31/8/2013	536,78 €
218	22823	FERNANDEZ GIRALDEZ M JESUS	1/1/2013-31/8/2013	640,93 €
218	77975	LOPEZ SANMARTIN, JOSE MANUEL	1/1/2013-31/8/2013	590,19 €
218	77988	PAJON SANTOS ALFONSO	1/1/2013-31/8/2013	574,17 €
218	78009	BAYER FRANCISCO, JOSE	1/1/2013-31/8/2013	582,18 €
218	78139	FERNANDEZ DIAZ, LISARDO	1/1/2013-31/8/2013	582,18 €
218	78145	CAMESELLE SUAREZ, ISAAC FRANCISCO	1/1/2013-31/8/2013	587,52 €
218	78154	SANCHEZ DOMINGUEZ SEVERINO	1/1/2013-31/8/2013	590,19 €
218	78740	FERNANDEZ COMESAÑA, JAIME	1/1/2013-31/8/2013	582,18 €
218	78889	FANDIÑO DOCIO ENRIQUE	1/1/2013-31/8/2013	582,18 €
218	79367	GARCIA SOTO, FRANCISCO JOSE	1/1/2013-31/8/2013	1.004,17 €
218	79368	GARCIA DOCAMPO ANTERO	1/1/2013-31/8/2013	595,53 €
218	79387	LORENZO CARRERA GUILLERMO	1/1/2013-31/8/2013	587,52 €
218	79621	FERNANDEZ PAZ LINO	1/1/2013-31/8/2013	576,84 €
218	79640	SOLER VIDAL RICARDO	1/1/2013-31/8/2013	595,53 €
218	80490	IGLESIAS TRABAZO, JOSE ANTONIO	1/1/2013-31/8/2013	582,18 €
218	80491	SANCHEZ BLAZQUEZ, XOSE ANTON	1/1/2013-31/8/2013	582,18 €
218	80496	CALCERRADA FORNIELES JAVIER	1/1/2013-31/8/2013	579,51 €
218	80497	FERNANDEZ PEREZ ROGELIO J DIMAS	1/1/2013-31/8/2013	582,18 €
253	16478	VAZQUEZ MARTINEZ, RAMON	1/1/2013-31/8/2013	924,68 €
255	15094	ESPAÑA PIÑEIRO, JOSE ANTONIO	1/1/2013-30/10/2014	1.273,86 €
255	15556	COMESAÑA SOLLA, ANTONIO	1/1/2013-30/10/2014	1.677,11 €
255	77219	MARTINEZ GIRALDEZ, GABRIEL	1/1/2013-30/10/2014	1.722,51 €
254	23219	ALONSO MENDEZ JOAQUIN	1/1/2012-30/10/2014	787,81 €
218	80687	OTERO FERNANDEZ SONSOLES	1/1/2013-30/10/2014	1.762,57 €
218	82044	GONZALEZ VILA JUAN CARLOS	1/1/2013-30/10/2014	1.762,57 €
218	82146	CAPELO GONZALEZ DAVID	1/1/2013-30/10/2014	1.762,57 €
218	82147	FERNANDEZ PIAY SANTIAGO	1/1/2013-30/10/2014	1.762,57 €
218	82148	SIGNO MARTINEZ PALMIRA MARIA	1/1/2013-30/10/2014	1.762,57 €

POSTO	N.P.	NOME	PERIODO	IMPORTE
218	82149	GONZALEZ PEREIRA ADRIAN	1/1/2013-30/10/2014	1.762,57 €
218	82155	IGLESIAS PARENTE SONIA MARIA	1/1/2013-30/10/2014	1.762,57 €
218	82161	ALONSO IGLESIAS, JOSE ENRIQUE	1/1/2013-30/10/2014	1.762,57 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta e cinco minutos Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.